

A Serra do Suído e o Alto Tea

**Guía do patrimonio
natural e etnográfico**

A bacía alta do río Tea e a Serra do Suído
Guía do patrimonio natural e etnográfico



Esta publicación é un proxecto da Axencia de Sostibilidade de Covelo. Está financiado polo Concello de Covelo e a Dirección Xeral de Conservación de Natureza da Xunta de Galicia.



Edición:

Axencia de Sostibilidade, Concello de Covelo

Redacción:

Santiago Barciela García

David Brown

Xan Inacio Amoedo Lueiro

Fotografía:

Daniel Cara Gil

Outros autores citados en cada imaxe (para información sobre autores e dereitos de uso, consúltase na páxina 64)

Colaboradores:

Jose Manuel Fernández Prendes

Ángel Joaquín González Outerelo

Pablo Sierra, Álvaro Molaña, Loli Lamas

Elena Muíños Martínez

Emilio Pérez Fernández

Depósito legal:

PO-633/2009

Produción editorial:

Integra futuros sostíbeis, s.l.



Foto da portada: A Graña, Covelo
Páxina anterior: tartaruga cincenta (*Circus pygargus*)
Esta páxina: sapo común (*Bufo bufo*)
Contraportada: voitre (*Gyps fulvus*)

contidos

LIMIAR.....	4
PARTE 1 - INTRODUCCIÓN.....	6
A Rede Natura 2000.....	7
O contorno	8
A xeomorfoloxía: as formas da terra	9
O clima e a hidroloxía	9
A paisaxe de "factura mixta"	11
PARTE 2 - OS HÁBITATS E AS ESPECIES	14
O bosque.....	16
A matogueira.....	22
As turbeiras	28
Os ríos.....	32
Especies protexidas, raras e vulnerables.....	36
Mapas de distribución de hábitats.....	38
PARTE 3 - A PEGADA HUMANA.....	42
A paisaxe: a interacción do home co medio	43
O patrimonio cultural vencellado á serra	44
O patrimonio cultural vencellado á auga	47
Paso a paso pola paisaxe: os vieiros	50
PARTE 4 - A PAISAXE EN TRANSICIÓN	52
O abandono da vida agrogandeira.....	53
As plantacións forestais.....	56
A economía da enerxía	58
PARTE 5 - O FUTURO	60
Por que conservar?	61
O medio, a xente, a economía	62

Limiar


"Por Tiela, outro val ben labrado, as fontes do Tea chegan ben perto da soleira do Suido máis a do Faro de Avión; e manifesta o Montemor un cumio e sebe non escura".

Eis unha acaída cita dun dos patriarcas da cultura galega, D. Ramón Otero Pedrayo, tirada da súa senlleira obra Historia de Galiza, un referente clave no estudo da terra, a natureza e mais a etnografía do país. Sexa a forza pétrea dos penedos do Suído ou a feitura do Val do Tea, algo chama por nós para experimentarmos e sentirmos como vivían os antergos en case simbiose coa natureza: bosque e pedra, lobo e gando, pastores e arrieiros...

A pesar da aparencia de ningures e de inhóspito escenario, a montaña sempre foi un espazo de actividade humana, un cruceiro de vïeiros onde xentes diversas facían o seu camiño cara a algures: os arrieiros co viño do Ribeiro para as poboacións costeiras, e á volta cargaban as mulas con sardiñas e xirelos para o interior do país e mesmo para a España meseteira; bandidos piadosos e fuxidos do poder dominante ao tempo; pastores que, sentados nas rochas, pasaban o vagar en profunda reflexión filosófica animista, intuindo o mar alá lonxe, no horizonte atlántico, se é que non tocaba berrar o "acudídemme!!" ao sentiren arrepío polo axexo dunha manda de lobos ao rabaño remoedor.

Xa que logo, esta guía procura achegarnos a este ondulante contorno pétreo e multicromático, onde sentir as escenas do rico imaxinario colectivo do que nos fala a historia, a lenda e mais a cultura popular.

Vista da serra dende o foxo de Campo (Covelo)



1 introdución

A Rede Natura 2000

A Rede Natura 2000 é a rede ecolóxica coherente de espazos naturais protexidos da Unión Europea, creada co obxecto de salvagardar os hábitats e especies máis importantes de Europa. Está integrada polas zonas especiais de conservación (ZEC), declaradas conforme á Directiva Hábitats (92/43/CEE), e mais polas zonas especiais de protección para as aves (ZEPA), definidas segundo a Directiva Aves (79/409/CEE). A primeira proposta galega de zonas candidatas a ser incluídas na Rede Natura 2000 estivo composta por 59 espazos ou lugares de importancia comunitaria (LIC).

O sistema fluvial do río Tea, dende Covelo ata a súa desembocadura no río Miño, formou parte desa proposta. A combinación da excelente calidade das augas do río co bosque de ribeira autóctono máis ou menos continuo ao longo do seu percorrido, dá lugar a un importante corredor biolóxico que abrangue unha fauna e flora excepcionalmente diversa.

A proposta de ampliación do LIC do sistema fluvial do Tea cara arriba, coa finalidade de incluír as 11.500 ha da Serra do Suído e do Alto Tea, foi realizada no ano 2008 pola Xunta de Galicia. Neste espazo, entre os tramos altos do río Tea, e tamén dos ríos Verdugo, Oitavén e Avia, atopamos manchas de bosque autóctono e grandes extensións de hábitats seminaturais abertos, que en conxunto sosteñen as poboacións máis importantes de flora e fauna de montaña no sur da provincia de Pontevedra.

O cañón do río Avia, (Avión)

O contorno

A Serra do Suído constitúe o extremo meridional da Dorsal Galega, un sistema montañoso centro-occidental que se estende de norte a sur do país e do que nesta provincia tamén forman parte as serras do Faro, Testeiro, Candán e Cando. A serra limita polo sur, na súa banda oriental, coa Serra do Faro de Avión e mais cos montes da Paradanta; na vertente occidental faino co Coto de Eiras.

A escasos 30 km da costa, estamos nunha área sublitoral da media montaña galega que recibe a influencia directa das fronteiras atmosféricas que veñen do océano, e que dan lugar ao estatus do Suído como unha das terras máis chuviosas da Península Ibérica.

Velaí un dos primeiros valores salientables da serra: o seu papel definitorio das tres bacías hidrográficas polas que flúen tres importantes ríos do sur de Galicia: o Verdugo-Oitavén, o Avia e o Tea. Limpos, caudalosos e fiables, foron aproveitados como fornecedores de auga para consumo humano e como fontes de enerxía dende que estas terras foron habitadas polo home hai milleiros de anos.

Seguindo unha traxectoria de norte a sur, pasamos polos cotos máis altos da serra, que delimitan a divisoria de vertentes leste-oeste do Suído e tamén a fronteira entra as provincias de Ourense e Pontevedra. Picoutos como o Coto Miñoto, Bidueiros, Coto da Puza e Cotos Cornudos, maiormente por riba dos 900-1.000 m de altitude, regalan panorámicas que facilitan unha interpretación aérea das formas da paisaxe de toda a comarca, poñendo aos nosos pés a feitura da serra, dos vales e bocaribeiras, e da propia franxa costeira da Ría de Vigo.

Coto dos Ladróns (Fornelos de Montes)^{DB}



A xeomorfoloxía: as formas da terra

A orixe xeolóxica da serra data do período do Carbonífero, hai máis de 250 millóns de anos. Diversos movementos tectónicos provocaron o levantamento de montañas que aínda persisten en gran parte do centro e do sur de Europa, nun episodio coñecido como a oroxénese herciniana. Canto á composición xeolóxica, no Suído domina o granito de dúas micas (cuarzo, feldespato e predominio da moscovita sobre a biotita), rocha cuxos minerais son resistentes á alteración xeoquímica. Tras 250 millóns de anos de movementos menores e erosión, esta serra presenta un perfil ondulado e de formas relativamente suaves, froito da lenta pero constante

alteración e erosión física que durante milleiros de anos foi rebaixando as montañas graníticas galegas.

Se cadra, é nunha escala máis local cando o microrrelevo se observa máis irregular, con constantes variacións topográficas, tal e como se observa na imaxe: un esqueleto inicial de lombos ou bloques fallados, penechairas, outeiros e cumios, canóns, vales e valgadas; é dicir, un macizo suave nas formas pero con distintas unidades paisaxísticas territoriais.

A Dorsal Galega, coa Serra do Suído e o Alto Tea indicados en branco



O clima e a hidroloxía

As condicións climáticas da comarca están altamente determinadas pola posición e orientación xeográfica da propia serra, pois forma unha barreira orográfica segundo un eixe norte-sur que supón o primeiro grande obstáculo que se encontran as masas de aire cargadas de humidade chegadas do Atlántico. Esa barreira provoca o ascenso altitudinal das nubes e a consecuente condensación do vapor de auga ata precipitar, o que significará unha alta pluviosidade de máis de 2.400 mm de precipitación media anual e de máis de 3.000 mm en determinados enclaves.

O clima global é de tipo oceánico-húmido con certa tendencia á aridez estival, con temperaturas medias anuais suaves e con chuvias abundosas principalmente en outono-inverno, pero tamén en primavera. O verán presenta unha considerable intensidade da radiación solar e baixos niveis de precipitación, é dicir, trátase dunha estación estival con trazos de xericidade: calor e seca relativa. Ademais, a unha escala máis local, pode haber pequenas variacións climáticas dependendo da altitude, da topografía, da orientación dos terreos respecto ao sol, da exposición aos ventos principais, etc.

O efecto conxunto das abundosas precipitacións anuais, do contraste topográfico e do relevo encaixado conforman unha complexa rede de pequenos cursos que se van xuntando e sumando caudais por toda a área. A litoloxía granítica rica en cuarzo e micas dá orixe a solos de escaso espesor e de textura areosa, potencialmente con escasa retención de auga e con acentuada escorrentía e percolación –fluxo na superficie e na vertical do solo, respectivamente. Isto favorece a formación de numerosos e pequenos canles que van desaugar en cursos principais ata formaren os ríos.

As augas que caen na parte sur da serra, no termo municipal de Covelo, discorren cara ao río Tea, o principal afluente do curso baixo do Miño. Nace segundo dous ramais: un nacente na Serra de Faro de Avión e outro no sur do Suído, xa preto do nacemento do río Avia. Desde aquí baixa encaixado polas fendas do relevo das serras, e á altura de Barcia de Mera recibe as augas dos ríos Alén e Caraño, e mais doutros cursos menores.

O norte da serra divídese en dúas bacías, e a súa división tamén representa a fronteira entre as provincias de Pontevedra e Ourense. A vertente leste corresponde á bacía do río Avia, outro afluente do Miño, mentres a maior parte da superficie, nos municipios da Lama e de Fornelos de Montes, verte cara ao oeste a través dos ríos Xesta e Valdohome, e, no extremo norte, de pequenos afluentes do Verdugo. O Xesta e o Valdohome, este coñecido máis abaixo como o Parada, nacen preto de Catro Camiños pero manteñen cursos separados ata baixaren do Suído e xuntárense no río Oitavén, que posteriormente se une co Verdugo no seu camiño cara á Ría de Vigo.

A paisaxe de “factura mixta”



A acción do modelado natural (os movementos tectónicos, os elementos climáticos, o movemento do planeta...) sobre o relevo físico determinou a configuración do territorio galego en grandes e diversas unidades xeomorfolóxicas, entre elas, as serras da media montaña galega, como é o caso do Suído e as terras veciñas. Desta maneira, o resultado da acción natural deu orixe a un variado abano de espazos e topografías propias da estética natural da paisaxe galega: é dicir, aos alicerces físicos iniciais sobre os que se desenvolverá a vexetación e intervirá logo o ser humano.

Estas formas do relevo teñen nomes propios na nosa lingua, a cal define con exactitude douda a xeografía física do lugar: os lombos da serra, as penechairs, os outeiros, os cotos e cimeiras, as penedías, as valgadas e as abas de pendente variable, as chans, os canóns, os vales...

Sobre estes espazos-formas que definen o escenario físico dun territorio establécense paseniñamente as distintas especies e agrupacións de vexetación segundo as características de cada medio, diferente segundo exista un ou outro tipo de rocha, de topografía, de solo, de dispoñibilidade de auga e nutrientes, de orientación cardinal, etc. A ocupación e evolución natural da vexetación sobre estes sitios é o que se denomina “sucesión ecolóxica”.

Esta iniciárase nun “estadio cero” coa aparición das especies vexetais pioneiras sobre un determinado sitio, que co paso do tempo e a acción das distintas especies e formas vexetais vai avanzar, se non é alterado, cara á etapa clímax, que vén sendo o estado de desenvolvemento e de condicións ecolóxicas de madurez ou estabilidade máxima dun ecosistema.

Porén, nun territorio tan antropomorfizado como é o caso galego, o certo é que o home leva milleiros de anos intervindo sobre o medio e en certa maneira interferindo na evolución natural de boa parte dos ecosistemas naturais, e o Suído é un bo exemplo desa realidade.

En efecto, estamos a nos referir á forte influencia e intervención dos poboadores do rural na terra ao longo de séculos, o cal os converte, en certa maneira, en auténticos arquitectos da paisaxe. Pero sempre segundo unhas pautas desenvolvidas pola cultura tradicional no medio natural, antano

sustentables e integradas nesa “estética natural” e acordes coas condicións ambientais definitorias de cada territorio, é dicir, integradas e sustentables ecoloxicamente. Polo tanto, a ocupación humana no medio e a forma de interactuar con el, significou, en moitos casos, intervir e interferir sobre a sucesión natural de grandes áreas naturais, como pode ser o caso de bosques ou de humidais, o cal determina en certo senso a aparición dun ou doutro tipo de formación vexetal, e con ela, da fauna asociada. O caso máis sobranceiro nas comarcas do rural podería ser, en termos xerais, o da agricultura e a actividade gandeira.

Xa que logo, esa dobre acción modeladora, de orixe natural e mais de intervención humana, configurou nas terras do Suído e do unha paisaxe natural “característica” da montaña galega e que deu lugar a hábitats naturais e hábitats seminaturais, estes de “factura mixta”: natural e antrópica.

A bacía alta do río Alén (Covelo, Mondariz)

2

os hábitats e as especies



O Alto Tea e a Serra do Suído, a zona de referencia desta guía, abrangue unha ampla variedade de condicións naturais. Inclúe penedías e grandes superficies de media montaña que poden acadar os 1.000 m de altura, con pouca profundidade de solo e expostos ao rigor do clima, mais tamén abarca abrigados e sombríos fondos de val tan só 80 m por riba do nivel do mar, con solos profundos e relativamente fértiles. Toda a zona ten unha longa historia de intervención humana, aínda que a natureza e intensidade desa intervención é tamén variada. Como resultado, na paisaxe do século XXI atopamos unha mestura de hábitats naturais e seminaturais: un mosaico de zonas arboradas e zonas abertas, de bosques e matogueiras, de ríos, rochedos, turbeiras, charcas e pequenos humidaís.

No primeiro espazo declarado LIC, o río e ribeiras do Tea, dominan dous tipos de hábitat: o propio río, e mais o seu bosque de ribeira de amieiros, salgueiros e freixos. Ao afastármonos do leito do río, nas marxes deste corredor, o hábitat vai cambiando. Nalgúns tramos, unha vez fóra do abrigo do bosque de galería, atopamos praderías e veigas cultivadas, e noutros, monte baixo con xesteiras ou toxeias. Nos demais tramos existe unha transición gradual a outro tipo de bosque: nomeadamente as carballeiras termófilas como, por exemplo, en gran parte do Val do Alén.

Na zona proposta como extensión deste LIC, os hábitats son marcadamente diferentes, e no Suído reflicten as condicións climáticas e edafolóxicas da serra. Dominan os hábitats abertos, con rochedos, turbeiras, e polo menos seis distintos tipos de matogueira. O bosque está tamén presente en pequenas manchas, incrementando cada vez máis a súa superficie. Nestas terras máis altas os bosques son tipicamente carballeiras montanas e bidueirais, distintos daqueles das beiras do Tea, Alén e Oitavén, tanto en estrutura como en composición de especies. E, por último, na montaña atopamos as cabeceiras dos ríos: unha densa rede de pequenos cursos de auga oligotróficos, moitos deles coas súas orixes nas chairas altas, onde encontramos as pequenas pero importantísimas matogueiras higrófilas e turbeiras.

En total, nas 11.500 ha da Serra do Suído e do Alto Tea, podemos atopar 12 hábitats designados de Interese Comunitario pola Directiva Hábitats; e dous, o bosque aluvial de amieiro e a matogueira higrófila, considerados prioritarios para a súa conservación.

O bosque

Cando retrocedeu o xeo ao final do último período glacial, as árbores, xa dominantes nas terras baixas, invadiron as serras do sur da Dorsal Galega. Varios tipos de bosque, sempre co carballo (*Quercus robur*) como denominador común, chegaron a cubrir case toda a serra. É a vexetación climax, o tipo de flora potencial que se correspondería coa zona se non interviñeran factores de perturbación como os lumes e as cortas.

Porén, esta máxima expansión dos bosques caducifolios durou pouco. Coincidiu co asentamento das poboacións humanas no Neolítico e a necesidade das comunidades de pastores e agricultores de dispoñeren de terras de cultivo e pasteiros para o gando. Ao longo dos séculos, a acción humana relegou, a golpe de machada e sobre todo de lume, as árbores ás partes máis inaccesibles, ás beiras dos cursos fluviais e ás sebes entre terreos de cultivo. Houbo excepcións, e mención á parte merecen os restos dos bosques administrados polo Estado, as chamadas Fragas do Rei, que mantiveron a súa función forestal por razóns de utilidade pública ata a desamortización. Hoxe en día podemos atopar restos destas carballeiras en Campo, Estacas, Prado e A Graña.

Este proceso de deforestación mantívose durante milleiros de anos, ata que no século XIX comezaron a facerse patentes os procesos de cambio no medio natural debidos á emigración rural. A xente marchaba, e as formacións boscosas recuperaron parte do terreo perdido. É o caso da maioría das fragas que encontramos na actualidade na Serra do Suído, como as carballeiras de Oredo, de Pigarzos e da Hedreira. É un arboredo rexenerado ao abeiro do abandono dos terreos de cultivo no último século, ou ben de zonas abruptas que se libraron dos incendios forestais. Actualmente, aínda que non poidamos falar de bosques maduros, con todas as implicacións que isto supón na súa diversidade animal e vexetal, na serra poden atoparse mostras da maioría das formacións arbóreas de Galicia.

Estes diferentes tipos de bosque distribuíanse pola serra en función da altitude, orientación e proximidade dos vales fluviais. Así, por exemplo, a carballeira montana con acivro (*Ilex aquifolium*) e arandeira (*Vaccinium myrtillus*) ocuparía as partes altas e con orientación norte, mentres que nas ladeiras con orientación sur das cotas máis elevadas, o carballo mesturaríase cunha árbore de marcado carácter continental, o cerquiño (*Quercus pyrenaica*).



Carballeira termófila, alto Verdugo, A Lama^{DB}
Bidueiral montano, A Graña, Covelo



Bosque de ribeira do río Tea, Barcia de Mera, Covelo^{DB}
Carballeira montana, Godóns-Prado, Covelo



As partes baixas da serra e os vales fluviais estarían ocupados polas carballeiras termófilas con sotobosque de loureiro (*Laurus nobilis*) e xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*), e, nas orientacións sur destas zonas máis mornas, os bosques arriqueceríanse coa presenza dunha árbore tipicamente mediterránea, a sobreira (*Quercus suber*). Testemuños da influencia climática mediterránea serían tamén os pés relictos de érbedo ou moroteiro (*Arbutus unedo*), que subsisten nas regas das Costas do Alén, no Coto de Eiras (Sabaxáns, Mondariz).

As terras fondas dos vales, próximas aos cursos fluviais, constituirían o ámbito dominado polos amieirais, con amieiros (*Alnus glutinosa*), salgueiros (*Salix atrocinerea*) e bidueiros (*Betula alba*) como especies principais. Nas cotas máis altas estarían enriquecidas coa entrada de árbores de marcado carácter continental, como o pradairo (*Acer pseudoplatanus*) e o freixo (*Fraxinus excelsior*) nos ríos Verdugo e Oitavén, ou o lamargueiro (*Ulmus glabra*) no curso alto do río Alén.

A vida ao acubillo das árbores

O bosque non é unha simple colección de árbores, e conservalo non quere dicir axardinalo con limpezas e podas para que as árbores crezan rectas e ordenadas. Son ecosistemas, dinámicos no tempo, nos que milleiros de especies especializadas están continuamente adaptándose aos nichos ecolóxicos e hábitats creados pola desorde, polo ciclo sen fin de vida e morte, de produción e descomposición das árbores que dominan e marcan a paisaxe.

Nas beiras do río Alén atopamos uns dos poucos exemplos de bosque relativamente maduro. A madurez reflíctese na diversidade de especies e tamén na diversidade de idades entre as árbores, con zonas de nova rexeneración, outras con grandes árbores maduras, e outras con árbores xa en proceso de morte e descomposición.

No hábitat do bosque todas estas fases son importantes, pero é certo que un carballo, por exemplo, sostén máis diversidade de fauna cando comeza a morrer que cando está novo e san. As árbores senlleiras, con todas as súas fendas e regañas no tronco e nas pólas, coa cortiza grossa e a madeira morta de pé e no chan, son morada de especies coma a vacaloura (*Lucanus cervus*) e o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*). A perda dos bosques maduros e das árbores veteranas, aquí e por toda Europa, fai que a maioría das especies adaptadas a este hábitat estean en declive e, polo tanto, protexidas.

A diversidade de tamaños de árbores no bosque maduro ("diversidade estrutural") crea zonas máis escuras



Arriba: *Lucanus cervus*. A vacaloura depende da madeira en putrefacción para a súa reprodución, principalmente da dos troncos de carballos vellos^{DB}



Abaixo: O fungo *Inonotus radiatus*, no tronco dun amieiro vello^{DB}



De arriba a abaixo: ferreiroño rabilongo (*Aegithalos caudatus*), podalirio (*Iphiclides podalirius*)^{DB}, azor (*Accipiter gentilis*), gato bravo (*Felis silvestris*)

onde o sotobosque está dominado polos fentos, a hedra e os musgos, pero tamén crea zonas máis abertas, que son aproveitadas por especies que precisan máis luz, as cales forman un estrato arbustivo de porte máis alto, como é o caso de estripeiros, loureiros, pereiras, silveiras, etc.

Nestes claros é precisamente onde se concentra moita da fauna do bosque: réptiles como o lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*), que precisa a insolación para se quentar; bolboretas como o podalirio (*Iphiclides podalirius*), que se alimenta nas flores dos estripeiros e silveiras; e aves pequenas como o ferreiroño rabilongo (*Aegithalos caudatus*), que aniña dentro das densas silveiras que o protexen.

Este denso sotobosque tamén é aproveitado por animais máis grandes. As fragas das serras acollen as derradeiras parellas reprodutoras no sur de Pontevedra de cazadores como o gato bravo (*Felis silvestris*) ou o bufo real (*Bufo bufo*). Estes depredadores, cazadores no monte aberto pola noite, precisan do acubillo da vexetación densa do bosque durante o día para se refuxiaren e criaren a súa descendencia.

Ademais, mustélidos como a algaria (*Genetta genetta*), a garduña (*Martes foina*), a marta (*Martes martes*) ou o teixugo (*Meles meles*), tamén teñen no bosque a súa base de operacións, desempeñando unha función destacada como axentes dispersores de froitos e sementes forestais.

Os bosques da Serra do Suído e do Alto Tea

TIPO DE BOSQUE	ESPECIES PRINCIPAIS Especies acompañantes	MELLORES EXEMPLOS
CARBALLEIRA TERMÓFILA*	Carballo (<i>Quercus robur</i>), loureiro (<i>Laurus nobilis</i>) Estripeiros (<i>Pyrus pyraeaster</i> , <i>Crataegus monogyna</i>), fentas (<i>Dryopteris sp.</i> , <i>Polystichum sp.</i>), hedra (<i>Hedera helix</i>), chuchamel (<i>Lonicera periclymenum</i>), xilbarbeira (<i>Ruscus aculeatus</i>)	Carballeiras do río Alén (Barcia de Mera, Covelo)
CARBALLEIRA MONTANA*	Carballo (<i>Quercus robur</i>), acivro (<i>Ilex aquifolium</i>) Bidueiro (<i>Betula alba</i>), estripeiro (<i>Pyrus pyraeaster</i>), arandeira (<i>Vaccinium myrtillus</i>), hedra (<i>Hedera helix</i>)	Xesta/Pigarzos (A Lama) A Laxe (Fornelos) A Hedreira (Avión) Prado, Godóns, Fofe (Covelo)
CARBALLEIRA MONTANA MIXTA*	Cerquiño (<i>Quercus pyrenaica</i>), carballo (<i>Quercus robur</i>) Acivro (<i>Ilex aquifolium</i>), piorno (<i>Genista florida</i>), silva (<i>Rubus ulmifolius</i>), bidueiro (<i>Betula alba</i>).	Fonte Avia (Avión)
SOBREIRAL TERMÓFILO*	Sobreira (<i>Quercus suber</i>) Carballo (<i>Quercus robur</i>), loureiro (<i>Laurus nobilis</i>), carpaza (<i>Cistus psilosepalus</i>), xesta branca (<i>Cytisus multiflorus</i>), xilbarbeira (<i>Ruscus aculeatus</i>)	Restos do sobreiral da Chan de Mons (Barcia de Mera, Covelo) e Abelenda (Avión)
BIDUEIRAL MONTANO	Bidueiro (<i>Betula alba</i>) Salgueiro (<i>Salix atrocinerea</i>), acivro (<i>Ilex aquifolium</i>), piorno (<i>Genista florida</i>), silva (<i>Rubus ulmifolius</i>)	A Hedreira (Avión) Camposancos - A Fraga (Avión, Covelo)
AMIEIRAL, BOSQUE DE RIBEIRA**	Amieiro (<i>Alnus glutinosa</i>), freixa (<i>Fraxinus angustifolia</i>) Abelaira (<i>Corylus avellana</i>), carballo (<i>Quercus robur</i>), salgueiro (<i>Salix salviifolia</i> , <i>S. atrocinerea</i>), fentas (<i>Dryopteris sp.</i> , <i>Polystichum sp.</i>), fento real (<i>Osmunda regalis</i>), Luzula sylvatica.	Corredor dos ríos Tea e Alén (Covelo)

* Hábitat de Interesse Comunitario ** Hábitat de Conservación Prioritaria

As matogueiras da Serra do Suído e do Alto Tea

TIPO DE MATO (ESPECIES PRINCIPAIS)	ESPECIES ACOMPAÑANTES (NOMES CIENTÍFICOS)	TIPO DE BOSQUE AO QUE SUBSTI- TUEN
UZAIS SECOS EUROPEOS* Uz vermella (<i>Erica australis subsp. aragonensis</i>) e uz branca (<i>Erica arborea</i>)	<i>Genista tridentata</i> <i>Lithospermum prostratum</i> , <i>Calluna vulgaris</i> , <i>Genista florida</i> , <i>Cytisus scoparius</i> , <i>Agrostis curtisii</i> .	Carballeiras montanas (zonas altas)
UZAIS SECOS EUROPEOS* Toxeira - uceira de toxo arnal (<i>Ulex europaeus</i>) e queiroga de tres follas (<i>Erica cinerea</i>)	<i>Ulex galii</i> , <i>Ulex minor</i> , <i>Daboecia cantabrica</i> , <i>Erica umbellata</i> , <i>Calluna vulgaris</i> , <i>Halimium alyssoides</i> , <i>Agrostis curtisii</i> , <i>Pseudoarrhenatherum logifolium</i> .	Carballeiras termófilas e montanas
UZAIS SECOS EUROPEOS* Carpazal - toxeira de carpaza (<i>Cistus psilosepalus</i>) e toxo arnal (<i>Ulex europaeus</i>)	<i>Thymus caespititius</i> , <i>Erica umbellata</i> , <i>Cistus salviifolius</i> , <i>Genista triacanthos</i> .	Carballeiras e sobreirais termófilas (partes baixas e máis cálidas)
UZAIS HÚMIDOS ATLÁNTICOS DE ZONAS TEMPERADAS** Toxeira - uceira higrófila de toxo molar (<i>Ulex galii</i>), queiroga veluda (<i>Erica ciliaris</i>), e <i>Erica tetralix</i>	<i>Ulex minor</i> , <i>Genista berberidea</i> , <i>Daboecia cantabrica</i> , <i>Calluna vulgaris</i> , <i>Cirsium filipendulum</i> , <i>Molinia coerulea</i> , <i>Agrostis curtisii</i> , <i>Pseudoarrhenatherum logifolium</i> .	Carballeiras termófilas e montanas
XESTEIRAS Piorno (<i>Genista florida</i>) e xesta mansa (<i>Cytisus striatus</i>)	<i>Cytisus scoparius</i> , <i>Erica arborea</i> , <i>Rubus ulmifolius</i> , <i>Vaccinium myrtillus</i> .	Carballeiras montanas (zonas altas)
XESTEIRAS xesta mansa (<i>Cytisus striatus</i>) e toxo arnal (<i>Ulex europaeus</i>)	<i>Erica arborea</i> , <i>Cytisus multiflorus</i> , <i>Cytisus scoparius</i> , <i>Adenocarpus complicatus</i> , <i>Rubus ulmifolius</i> , <i>Pteridium aquilinum</i> .	Carballeiras termófilas (partes baixas e máis cálidas).

* Hábitat de Interesse Comunitario ** Hábitat de Conservación Prioritaria

A matogueira

A Serra do Suído é hoxe en día terra de mato. Podemos falar da importancia do bosque como vexetación climática, pero a realidade é que máis do 75% do proposto LIC e máis do 90% da serra caracterízanse por diferentes tipos de matogueira, dende a mestura de pasteiros abertos e toxeias ata as xesteiras e piornais, precursoras, estas últimas do bosque propiamente dito.

As distintas comunidades de mato da serra correspóndense con fases de substitución dos bosques que anteriormente a ocupaban e que desapareceron por obra do lume, das cortas e do pastoreo. Trátase de ecosistemas seminaturais, e a súa formación e permanencia no tempo é a máis clara indicación da interacción entre o ser humano e a paisaxe.

A repetición continuada no tempo da acción destes axentes sobre a vexetación, aclarou as carballeiras primixenias facilitando a entrada das especies de mato alto (xesteiras de *Cytisus scoparius* e piornais de *Genista florida*, e uceiras de *Erica arborea* e *Erica australis*), posteriormente transformounas en toxeias-uzais (*Ulex europaeus*, *U. galii*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata* e *Calluna vulgaris*), para pasar a formacións mestura de toxeira e pasteiro, e por último, nos maiores estadios de perda de solo nos rochedos e penedías. De xeito inverso, polo proceso denominado sucesión natural, cando cesan os lumes, pastoreo e cortas, o mato pode volver co paso do tempo a acoller especies arbóreas e converterse nun bosque.

As distintas orientacións xeográficas, humidade edáfica, profundidade dos solos ou altitude, condicionan a diversidade de especies das formacións de matogueira. Na táboa da páxina anterior, identifícanse 6 principais tipos de mato da serra, mais en realidade existen todo tipo de mesturas entre eles. Un mesmo tipo de bosque pode ser substituído por distintos tipos de mato, e os límites de cada tipo non son en absoluto inamovibles.

Aínda que polo xeral o mato é o substituto do bosque, iso non quere dicir que necesariamente sexa ecoloxicamente inferior. De feito, a matogueira é o hábitat dalgúns dos nosos animais máis emblemáticos: de especies protexidas como a cobra de escaleira ou a avenoiteira cincenta, de endemismos como a víbora de Seoane, e dos reis da serra como o lobo, a tartaraña cincenta e a aguiá albela. A continuación examinamos máis polo miúdo algúns dos grupos máis rechamantes dos hábitats abertos: os mamíferos, as aves e os réptiles e anfibios.

Á dereita: Rega de Silves (Covelo)





A megafauna do mato: os mamíferos

A toponimia fala do medio. Lugares como o Coto do Oso, en Casteláns (Covelo), ou a Alvariza Vella, en Piñeiro (Covelo), fálannos dun tempo pasado cando na serra mandaban grandes mamíferos como o oso (*Ursus arctos*), o cervo (*Cervus elaphus*), a cabra brava (*Capra pyrenaica*) e quizais incluso o lince ou lobo cervical (*Lynx pardinus*).

No século XXI xa non quedan osos e os verdadeiros moldeadores e conservadores das paisaxes do Suído son as greas de cabalos bravos (*Equus caballus*) e as vacas (*Bos taurus*). Manexadas en réxime extensivo, manteñen a diversidade vexetal e animal das nosas matogueiras ao crearen mediante o pastoreo un mosaico de parcelas en distintos estados de crecemento, e ao evitaren o peche do mato.

Estas mandas de animais semisalvaxes son a proba da capacidade do monte para acoller grandes ungulados. Porén, e para desgusto dos seus propietarios, tamén constitúen o piar da persistencia na serra dunha das especies salvaxes máis mitolóxicas da cultura europea, o lobo (*Canis lupus*).

A piques de compartir destino con osos e linceos no século pasado, a perda de poboación humana duns montes noutrora intensamente traballados foi a salvación deste magnífico cazador. Desaparecido xa das serras costeiras, na actualidade as serras do Suído, Coto de Eiras e Faro de Avión acollen o núcleo poboacional do cánido no sur da provincia de Pontevedra.



De arriba a abaixo:
corzo (*Capreolus capreolus*),
porco bravo (*Sus scrofa*),
raposo (*Vulpes vulpes*)



Lobo (*Canis lupus*)



A supervivencia do lobo é posible grazas ás amplas superficies de matogueira nas que atopa acubillo e lugar de reprodución, e mais á existencia de numeroso gando maior en semiliberdade, a presa básica da que depende. A existencia de seis foxos do lobo nas tres serras amosa que o conflito lobo-gandeiro vén dende tempos inmemoriais; de feito, as medidas de control ilegais adoptadas por algúns dos donos de poldros e touros segue sendo a maior ameaza para a súa supervivencia.


A caza furtiva tamén fai moi delicada a subsistencia do mamífero por excelencia dos espazos abertos, a lebre (*Lepus granatensis*). Practicamente desaparecida no sur de Pontevedra, as serras do Suído e do Faro de Avión albergan as últimas poboacións. Por outra banda, o porco bravo (*Sus scrofa*) e o corzo (*Capreolus capreolus*), contan cunha historia ben distinta. Da man do proceso de perda de poboación humana no rural e da diminución da presión cinxética, e favorecidas pola recuperación das masas boscosas e do mato alto, estas dúas especies tipicamente forestais e descoñecidas na serra hai tan só trinta anos, recuperaron novamente as súas poboacións.

As aves dos hábitats abertos

As aves dos espazos abertos son as outras grandes beneficiadas da dominancia da matogueira no Suído. Polo xeral máis dependentes da estrutura do mato que da súa composición en especies, as aves gozan do mosaico de parcelas arbustivas en distintos estadios de crecemento, ademais de formacións herbáceas e pequenas áreas de bosque. Aquí atopan unha ampla gama de hábitats para aniñar, cazar e alimentarse, así como para refuxiarse.

O abandono das prácticas tradicionais de manexo do mato, a construción de infraestruturas e mais as reforestacións con especies alóctonas, provocan que os hábitats de matogueira en bo estado estean en franca regresión, e que, como consecuencia directa, as aves que dependen deles tamén o estean. A dramática redución nas derradeiras décadas da poboación de perdiz (*Alectoris rufa*), noutro abundosa na serra, é un claro exemplo.

A estabilidade da poboación de cada especie nesta situación depende en gran maneira da superficie de hábitat que precisa para se manter. Unha parella de cotovías (*Lullula arborea*), por exemplo, só precisa dun territorio de 4 ha de mato para sacar adiante a súas rolas de polos; unha de avenoiteiras (*Caprimulgus europaeus*), porén, precisaría 10 ha. Como contraste, as grandes aves rapaces que encabezan a cadea trófica son moito máis vulnerables á perda de hábitat. A rapina cincenta (*Circus pygargus*) ou a aguia albela (*Circus gallicus*) necesitan ata 2.500 ha de superficie de caza por parella. De momento aínda doadas de atopar na serra, a súa continuada supervivencia está pois intimamente ligada ás políticas de conservación ou de desenvolvemento destes hábitats seminaturais.



Aguia albela
(*Circus gallicus*)



Arriba: sapo común (*Bufo bufo*)
Abaixo: lagarto arnal (*Timon lepidus*),
lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*), vibora de Seoane (*Vipera seoanei*)

Os réptiles e anfibios

Aínda que as aves e os mamíferos son os máis rechamantes, non quere dicir que sexan os únicos habitantes do mato. O Suído é fogar para polo menos 13 especies de réptiles e 12 especies de anfibios, moitos deles rarezas protexidas a nivel europeo. Aquí atopan lugares de alimentación, refuxio onde criaren e áreas abertas con forte insolación, necesarias tanto para quentárense como para atoparen lugares apropiados de hibernación.

A maioría dos réptiles están intimamente ligados a zonas de mato con mosaicos de pasteiro, como a vibora de Seoane (*Vipera seoanei*), o lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*), ou o escáncer (*Chalcides striatus*). Outros réptiles como as cobras de auga (*Natrix* spp.) e os aliscrán (*Anguis fragilis*), están máis asociados a praderías húmidas e matogueiras higrófilas, onde comparten hábitat con anfibios como o pintafontes verde (*Triturus marmoratus*), a ra patilonga (*Rana iberica*) e mais o sapo corredor (*Epidalea calamita*). As penedías agochan as especies termófilas, isto é, as que precisan das zonas máis quentes e soleadas, como o lagarto arnal (*Timon lepidus*), a lagarta dos penedos (*Podarcis hispanica*), ou o cobregón (*Malpolom mospessulanus*).



Papuxa do mato (*Sylvia undata*), merlo rubio (*Monticola saxatilis*). Arriba: miñato común (*Buteo buteo*)



As turbeiras

Nos planaltos montañosos, onde asolagamentos, baixas temperaturas e escaseza de osíxeno fan que os procesos de descomposición da materia orgánica se vexan ralentizados, atopamos as turbeiras. Sobre a materia vexetal sen degradar medra unha vexetación característica, dominada por musgos do xénero *Sphagnum*. As pequenas turbeiras da Serra do Suído son das poucas da provincia de Pontevedra.

As turbeiras representan o lento proceso de colonización polo *Sphagnum* dunha lámina de auga dunha zona cha mal drenada. A base da acumulación de materia orgánica procedente destes musgos e doutros restos vexetais fórmase a turba. Co paso do tempo, créase unha paisaxe con elevacións do terreo en forma de túmulos de turba e vexetación no entramado dunha rede de canles asolagados.

Son ecosistemas extremadamente pobres en nutrientes, xa que non se degrada gran parte da materia orgánica. Ademais do asolagamento e a falla de osíxeno, ese é o factor que determina que plantas poden sobrevivir aquí. Ben adaptadas a estes medios están as plantas insectívoras como a orballiña (*Drosera rotundifolia*), que suple a baixa dispoñibilidade de elementos esenciais no solo capturando pequenos insectos a través dos pelos pegañentos das súas follas.

As diferenzas de humidade gradúan a vexetación asociada dende as formacións de mato higrófilo de *Erica tetralix* e *Erica ciliaris* e as praderías encharcadas de *Nardus stricta* das zonas do bordo, pasando polas formacións de ciperáceas das zonas máis enchoupadas nas que destaca a herba de algodón (*Eriophorum angustifolium*), ata as zonas permanentemente asolagadas nas que domina o *Sphagnum*. Nas praderías húmidas non é difícil atopar especies vexetais protexidas como os amarells (*Narcissus cyclamineus*, *N. triandrus*), orquídeas como a *Dactylorhiza maculata*, ou herbáceas como a xanzá (*Gentiana pneumonanthe*), soporte trófico de especies protexidas de bolboretas.

Identifícanse dous tipos de turbeiras na Serra do Suído. As “turbeiras altas activas”, tipo clasificado como Hábitat de Interese Prioritario pola Directiva Hábitats, poden ocupar ata varias hectáreas de extensión. Aínda que a súa conversión en pasteiros causou unha profunda degradación, considérase que son capaces de se rexeneraren de maneira natural. Na Chan do Libro,

Á esquerda: sapo corredor (*Epidalea calamita*)



Pintafontes verde (*Triturus marmoratus*)

en Campo (Covelo), atopamos un dos mellores exemplos. Outro tipo, máis frecuente no Suído, son as “turbeiras de transición e tremedais”, formacións de menor superficie orixinadas sobre augas superficiais e cun amplo rango de comunidades vexetais.

O grupo animal máis representativo destes ecosistemas pola súa diversidade e número de especies protexidas é o dos anfibios, podéndose reproducir nas lagoas dunha turbeira da serra ata oito especies distintas de anuros e urodolos. Ademais, as turbeiras proporcionan unha importante área de alimentación e auga para numerosas especies de fauna, dende aves migratorias ata o propio gando doméstico.

Estes ecosistemas teñen un papel fundamental sobre todo no ciclo hidrolóxico, ao funcionar a turba como unha enorme esponxa que retén a auga de choiva para liberala paulatinamente. No escenario actual, marcado polo quecemento global do planeta debido ao incremento nas emisións de CO₂, as turbeiras realizan unha función destacada como medios sumidoiros de carbono ao fixalo en forma de turba.

Desafortunadamente, estas condicións óptimas de acumulación de humidade e profundidade dos solos orgánicos, non teñen pasado desapercibidas aos efectos da explotación produtiva das mesmas, ficando estragada a maior parte destes prezados hábitats pola súa conversión en pasteiros e plantacións forestais de dubidosa rendibilidade.

Xa que logo, podemos afirmar que as turbeiras constitúen o ecosistema máis singular que se pode atopar nas nosas serras, pois están moi limitadas na súa distribución, e son o hábitat para flora e fauna rara na Península Ibérica. Sen ningún xénero de dúbida, son os ecosistemas máis necesitados de medidas de conservación e de proxectos de restauración da serra, tanto pola súa singularidade e rareza como polos servizos ambientais que prestan de balde á nosa sociedade.



Arriba: ra verde (*Pelophylax perezi*), estroza (*Hyla arborea*)

Dereita: herba de algodón (*Eriophorum angustifolium*)^{DB}, dente de can (*Erythronium dens-canis*)

Abaixo: herba centella (*Caltha palustris*), orballiña (*Drosera rotundifolia*), narciso (*Narcissus pseudonarcissus*)
Fondo: sphagnum sp.



Os ríos

En Galicia chove. As fronte atlánticas cargadas de humidade vense obrigadas, nada máis tocar terra, a ascender no seu encontro con montañas que rozan os 1.000 m de altitude, arrefiando e descargando boa parte do seu prezado contido. Así, as serras do Suído, Coto de Eiras e Faro de Avión son das zonas máis chuviosas da Península Ibérica, e as bacías hidrográficas do Tea, Oitavén-Verdugo e Avia, que a drenan, teñen unha abundosa provisión de augas limpas, ben oxixenadas e con poucos nutrientes.

Os ditos ríos son dos mellor conservados do sur de Galicia, tanto pola calidade das súas augas, como polo bo estado das súas ribeiras, que manteñen amplos tramos de bosque de ribeira ben conservados. Dominado polas galerías de amieiros, salgueiros e freixos, este hábitat está contemplado como de conservación prioritaria pola lexislación europea. Á parte de consolidar as marxes fluviais fronte ás enchentes invernaís, o bosque de ribeira suaviza as oscilacións térmicas e favorece o mantemento dunha elevada taxa de oxixenación das augas.

Debaixo do arboredo de ribeira atopamos os feos (*Carex paniculata*), luzulas (*Luzula sylvatica*, *L. multiflora*, *L. campestris*) e fentos reais (*Osmunda regalis*). O Tea sobresaes especialmente polos diferentes fentos das súas beiras, entre os que achamos, por exemplo, o escasísimo e ameazado *Dryopteris guanchica*, e mais o *Dryopteris affinis*, especie non citada en ningún outro lugar da provincia de Pontevedra. O efecto amortecedor das condicións climáticas extremas do bosque maniféstase na aparición entre eles de especies de fentos subtropicais que sobreviviron nestas áreas refuxio ao paso das épocas glaciais, como é o caso das poboacións de woodwardia (*Woodwardia radicans*) do río Alén.

Ao ser o tramo alto do río, a fonte ecolóxica de enerxía principal procede do ecosistema terrestre achegado en forma de follaxe e ramallos. Por iso os invertebrados adaptados a aproveitar estes materiais –crustáceos, moluscos e moitas larvas de insectos– son os máis numerosos e forman a base da cadea trófica do río. Nos ríos galegos viven máis de 1.300 especies de macroinvertebrados, incluíndo uns 200 endemismos, que só se atopan en Galicia e en áreas limítrofes. Os tramos altos dos ríos Tea, Verdugo-Oitavén e Avia son ideais para moitos deles, e mesmo se atopan especies pouco comúns e protexidas, como o mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*), e

Río Tea, Fofe (Covelo)





as libélulas tizón esmeralda (*Oxygastra curtisii*) e candil de Graslin (*Gomphus graslinii*).

En canto aos vertebrados, o Tea e os outros ríos do Suído ofrécennos unha riqueza e diversidade case sen igual no sur de Galicia. Quizais os máis sobranceiros sexan os peixes.

Ademais da súa boa dotación de troitas (*Salmo trutta trutta*), o

Tea mantén poboacións importantes de varias especies migratorias, tanto de anádromas, que nacen no río e medran no mar, como o salmón atlántico (*Salmo salar*), o reo (*Salmo trutta fario*) e a lamprea (*Petromyzon marinus*), como de catádromas, que nacen no mar e medran no río, por exemplo, a anguía (*Anguilla anguilla*). Hoxe fican poucos ríos axeitados para os peixes que migran: a poboación de salmón nos ríos galegos, por exemplo, reduciuse nun 99% nos últimos cincuenta anos, principalmente debido ás presas construídas para o aproveitamento hidroeléctrico dos ríos, como acontece no Verdugo-Oitavén e no Avia. O río Tea é excepcional en tanto que aínda segue sendo accesible, grazas en gran medida á demolición de presas nos últimos anos. De feito, ultimamente observáronse salmóns desovando na zona de Casteláns e na desembocadura do Alén.

Tamén é posible observar mamíferos, salientando a lontra (*Lutra lutra*) e mais o aguaneiro (*Galemys pyrenaica*), entre outros. A súa presenza débese ás augas limpas, aos peixes, anfibios e invertebrados dos que se alimentan, ás beiras naturais que permiten a escavación de tobas, e ao bo estado da vexetación ribeirá, xunto coa pouca presenza humana no contorno das ribeiras. Os mesmos factores favorecen a anfibios e réptiles, incluíndo varias especies endémicas no noroeste da Península Ibérica. Algunhas, como a ra patilonga (*Rana iberica*), son doadas de ver en moitos ríos galegos, pero outras, coma a saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), son moito menos comúns e a súa presenza no Tea representa unha xoia que ben merece a súa conservación.

Por último, é imposible visitar o río Tea sen decatarse da cantidade e diversidade de aves que se aproveitan dun xeito ou doutro das súas augas e dos refuxios que ofrece. Ademais das moitas que proveñen doutros hábitats, atopamos especies que están sempre ligadas á auga: dende a elegante garza real (*Ardea cinerea*), ata diminutos pescadores como o picapeixe (*Alcedo atthis*) e o merlo rieiro (*Cinclus cinclus*).

Fentos das beiras do río Alén: fento real (*Osmunda regalis*)^{DB}, e *Woodwardia radicans*^{DB}, especie de conservación prioritaria



Animais do río: Arriba, saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e lontra (*Lutra lutra*)^{SL}. Dereita, arriba a abaixo, cabaliño do demo (*Calopteryx maculata*)^{DB}, salmón atlántico (*Salmo salar*), merlo rieiro (*Cinclus cinclus*)

Páxina anterior: picapeixe (*Alcedo atthis*)^{RV}

Á parte das funcións máis obvias de hábitat, de subministradores de auga potable, e mesmo como lugar de lecer, os ríos teñen unha función inestimable como corredores ecolóxicos entre distintas zonas xeográficas. Así, o corredor fluvial do Verdugo-Oitavén constitúe o nexa ecolóxico entre a Serra do Suído e a Enseada de San Simón, mentres que o corredor do Tea é o nexa entre o Suído e o Baixo Miño, o que permite o movemento de fauna e flora e o continuado funcionamento dos procesos naturais nunha provincia cada vez máis humanizada.

As especies protexidas, raras e vulnerables do Alto Tea e da Serra do Suído

Nesta páxina se amosan todas as especies citadas na Serra do Suído e Alto Tea de peixes, réptiles e anfibios. Moitos deles están protexidas ao abeiro da Directiva Hábitats 92/43/CEE ou ben por lexislación estatal ou autonómica. No caso da súa inclusión na Directiva Hábitats, o anexo relevante indícase polos números 1,2,3 e 4.

No caso dos outros vertebrados, dos invertebrados e da flora, confeccionaríamos unha listaxe completa de todas as especies existentes no Suído e no Alto Tea quedaría fóra do alcance desta guía. Na páxina da dereita aparecen citadas unicamente as principais especies protexidas de aves, mamíferos, invertebrados e plantas. A maioría delas están protexidas pola lexislación estatal ou autonómica, así como pola Directiva Hábitats 92/43/CEE, e, no caso das aves, pola Directiva Aves 79/409/CEE. O anexo das ditas directivas en que están incluídas indícase polos números 1,2,3 e 4.

Peixes e ciclóstomos

Nome común	Nome científico
Salmón atlántico	<i>Salmo salar</i> ²
Troita	<i>Salmo trutta fario</i>
Reo/Ameán	<i>Salmo trutta trutta</i>
Vermelliña	<i>Rutilus arcasii</i> ²
Escalo	<i>Leuciscus carolitertii</i>
Boga	<i>Chondostroma polylepis</i>
Espiñento	<i>Gasterosteus aculeatus</i>
Anguía	<i>Anguilla anguilla</i>
Lamprea	<i>Petromyzon marinus</i> ¹

Réptiles

Nome común	Nome científico
Lagarto das silveiras	<i>Lacerta schreiberi</i> ^{2,4}
Lagarto arnal	<i>Timon lepidus</i>
Lagarta dos penedos	<i>Podarcis hispanica</i>
Lagarto galego	<i>Podarcis bocagei</i>
Aliscrán	<i>Anguis fragilis</i>
Escáncer	<i>Chalcides striatus</i>
Cobra de escaleira	<i>Rhinechis scalaris</i>
Cobra lagarteira meridional	<i>Coronella girondica</i>
Cobra lisa común	<i>Coronella austriaca</i>
Cobra de collar	<i>Natrix natrix</i>
Cobra viperina	<i>Natrix maura</i>
Cobregón	<i>Malpolom monspessulanus</i>
Víbora de Seoane	<i>Vipera seoanei</i>

Anfibios

Nome común	Nome científico
Saramaganta rabilonga	<i>Chioglossa lusitanica</i> ^{2,3}
Píntega	<i>Salamandra salamandra</i>
Pintafontes verde	<i>Triturus marmoratus</i> ⁴
Pintafontes palmado	<i>Lissotriton helveticus</i>
Pintafontes común	<i>Lissotriton boscai</i>
Estroza	<i>Hyla arborea</i> ^{2,4}
Ra patilonga	<i>Rana iberica</i> ^{2,4}
Ra verde	<i>Pelophylax perezi</i>
Sapo pinto	<i>Discoglossus galganoi</i> ^{2,4}
Sapo parteiro	<i>Alytes obstetricans</i> ⁴
Sapo corredor	<i>Epidalea calamita</i> ⁴
Sapo común	<i>Bufo bufo</i>

Aves (aniñantes)

Nome común	Nome científico
Gatafornela	<i>Circus cyaneus</i> ¹
Tartaraña cincenta	<i>Circus pygargus</i> ¹
Aguaia albela	<i>Circus gallicus</i> ¹
Aguaia calzada	<i>Hieraeetus pennatus</i> ¹
Falcón peregrino	<i>Falco peregrinus</i> ¹
Bufo real	<i>Bubo bubo</i> ¹
Avenoiiteira	<i>Caprimulgus europaeus</i> ¹
Picapeixe	<i>Alcedo atthis</i> ¹
Cotovia pequena	<i>Lullula arborea</i> ¹
Pica campestre	<i>Anthus campestris</i> ¹
Picanzo vermello	<i>Lanius collurio</i> ¹
Picanzo real	<i>Lanius excubitor</i>
Papuxa do mato	<i>Sylvia undata</i> ¹
Escribenta hortelá	<i>Emberiza hortulana</i> ¹

Aves (ocasionais)

Nome común	Nome científico
Miñato queimado	<i>Milvus migrans</i>
Voitre branco	<i>Neophron percnopterus</i> ¹
Voitre	<i>Gyps fulvus</i> ¹
Voitre negro	<i>Aegypius monachus</i> ¹
Aguaia real	<i>Aquila chrysaetos</i> ¹
Esmerillón	<i>Falco columbarius</i> ¹
Alcaraván	<i>Burhinus oedipnes</i> ¹
Píllara dourada	<i>Pluvialis apricaria</i> ¹
Curuxa das xunqueiras	<i>Asio flammeus</i> ¹
Merlo papobranco	<i>Turdus torquatus</i>
Choia	<i>Pyrrhocorax pyrrhocorax</i> ¹

Mamíferos

Nome común	Nome científico
Rato amisqueiro	<i>Galemys pyrenaicus</i> ^{2,4}
Morcego rateiro	<i>Myotis myotis</i> ²
Morcego de ferradura grande	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i> ²
Morcego pequeno de ferradura	<i>Rhinolophus hipposideros</i> ²
Morcego común	<i>Pipistrellus pipistrellus</i>
Ermiño	<i>Mustela erminea</i>
Lontra	<i>Lutra lutra</i> ^{2,4}
Gato bravo	<i>Felis silvestris</i> ⁴
Lobo	<i>Canis lupus</i>

Invertebrados

Nome común	Nome científico
Candil de Graslin	<i>Gomphus graslinii</i> ²
Macromia	<i>Macromia splendens</i> ²
Tizón esmeralda	<i>Oxigaster curtisii</i> ²
Vacaloura	<i>Lucanus cervus</i> ²
Mexillón de río	<i>Margaritifera margaritifera</i> ²

Plantas

Nome común	Nome científico
Musgo luminoso	<i>Schistostega pennata</i>
Fento	<i>Dryopteris aemula</i>
Fento	<i>Dryopteris affinis</i>
Fento	<i>Dryopteris guanchica</i>
Woodwardia	<i>Woodwardia radicans</i> ²
Narciso silvestre	<i>Narcissus triandrus</i> ⁴
Narciso silvestre	<i>Narcissus cyclamineus</i> ²


A Serra do Suído: zona norte

Os habitats principais e o patrimonio etnográfico





O Alto Tea e a Serra do Suído: zona sur
Os hábitats principais e o patrimonio etnográfico



3 a pegada humana

A paisaxe: a interacción do home co medio

Respecto á paisaxe da serra, pódese afirmar que en boa medida é o resultado do secular manexo agrogandeiro do medio, o cal determinou a actual fisionomía e ecoloxía da zona. En efecto, o labrego de tempos pasados, asemade gandeiro estacional, levaba o gando á serra durante a primavera e o verán para que se alimentara do pasto tenro de tempada, ante a falta de herba dabondo nas terras baixas, xa que daquela estaban dedicadas maiormente á agricultura.

Coa finalidade de evitar o desenvolvemento do bosque e así garantir os pastos na seguinte temporada, practicábase a cultura do lume: isto é, realizábanse queimas anuais do mato, provocando desta maneira un parón da evolución vexetal ecolóxica cara ao bosque climácico, o que ocasionaba un estadio de mato permanente. Con todo, no marco deste escenario xeral, os detalles locais marcaban diferenzas no resultado final, xa que a frecuencia e intensidade dos lumes e o tipo e densidade do gando empregado son decisivos na determinación da altura e da composición de especies do mato, e de aí a biodiversidade que sustenta o monte.

Por tanto, o aspecto de serra pelada (penedía e mato) obedece a unha auténtica intervención na paisaxe, que tería orixe no período Neolítico, hai máis de 4.000 anos, cando o home abandona a economía da caza e inicia o desenvolvemento dunhas rudimentarias prácticas agrícolas e gandeiras.

Ao mesmo tempo, a paisaxe agrícola é a dominante nas terras da cunca do Tea e ten unha orixe, en certo xeito, ligada aos períodos de intervención na serra, xa que era o home do val e dos campos o que manexaba, e segue a manexar, as terras da serra. As agras foron desenvolvidas sobre as terras que antano ocupaba o bosque ou, en certos casos, o mato, e que foron transformadas en zonas de cultivo, mellorando así a estrutura do solo e enriquecéndoo mediante as distintas prácticas agrícolas de laboreo como a cavada e o estercado. Dependendo das distintas especies a cultivar e das particulares esixencias nutritivas de cada unha delas, as agras localízanse en distintos niveis topográficos e ecomorfolóxicos do relevo: nas terras baixas de val ocupando terras de aluvián, as veigas; ou en terreos máis ou menos chans de campos e leiras, por riba desas zonas máis húmidas; cando a

Os chozos de Avión

pendente era moi acusada construíanse socalcos que facilitaban a produción vexetal, ademais de lle dar un acento peculiar á paisaxe agrícola de encostas pronunciadas.

Loxicamente haberá diferenzas bioclimáticas entre as zonas altas próximas á serra e as zonas medias e baixas do val, e tamén entre unha veiga e unha leira a media ladeira ou en socalcos, etc., debido ás distintas limitacións en auga, radiación solar, nutrientes, espesor do solo, e a outros factores. É por iso que nas zonas baixas do val (o caso das terras de Barcia de Mera e Casteláns) era onde se practicaban maiormente os cultivos hortícolas máis esixentes. Moitas das novas carballeiras do Alto Tea, por exemplo, estiveron cultivadas hai decenios, ata que sobreveu o éxodo do rural, o que deu pé a unha recuperación do bosque autóctono de forma natural.

A interacción home-medio reflíctese nas penedías, matos e pasteiros da serra, e na mestura de natureza e agro das terras baixas; con todo, os hábitats que dominan a paisaxe non son o único vestixio da actividade agrogandeira dos nosos devanceiros. Na Serra do Suído e no Alto Tea estamos nunha terra rica en elementos do patrimonio cultural e etnográfico, dende as mámoas do Megalítico ata os muíños e chozos do século pasado. Nas seguintes páxinas examinamos os máis comúns deles.

O patrimonio cultural vencellado á serra: unha relación home-gando-lobo

Da necesidade de termar do gando cabalar e vacún que pastoreaba ceibo na serra e de protexelo dos ataques do lobo, xurdiron unhas peculiares construcións directamente ligadas coa etoloxía (hábitos e comportamentos) do gando, e que son auténticas alfaías do patrimonio etnográfico galego da media montaña e características do Suído : os chozos, os sesteiros-currals e os foxos do lobo.

Os chozos

Trátase de pequenas construcións de pedra onde habitaban e se refuxiaban temporalmente os pastores ao coidado do gando. Están localizados nas ladeiras ou abas sobre as chans da serra, pois así acadábase un mellor control do gando e “vixilancia” do espazo. Existen dúas tipoloxías básicas:



Arriba: pedras da currala de Porto do Prado, A Laxe (Fornelos)^{DB}.
Abaixo: Chozo de Penizas, Barcia de Mera (Covelo)^{AGO}



unha de planta circular e teito en bóveda, e outra de planta cuadrangular ou rectangular, con arco de medio punto e con división interna e mais de teito a dúas augas, algo máis evolucionada. A primeira é máis propia das vertentes sur e occidental da serra, namentres que a segunda é característica da vertente oriental, xa en territorio administrativo da provincia de Ourense. A nivel local, algúns paisanos denominaban “chozas” a estas últimas, para diferencialas dos chozos, seica, máis vellos e ruíns. En tempos, nos chozos máis vellos era habitual gardar as reses acabadas de nacer e, por iso, tamén lles chamaban parideiras se tiñan este uso. En toda a serra existen máis de 30 destas construcións ou polo menos de restos de chozos, repartidos entre os concellos de Avión (13), Covelo (14), A Lama (1), Fornelos de Montes (6) e Mondariz (2). Isto dános unha idea da grande actividade gandeira e pastoril que houbo nesta serra en tempos pretéritos, feito que nos podería suxerir unha romántica imaxe de comuñón home-natureza, pero que na realidade debeu ser unha dura vida de traballo e moitos anos entregados ao coidado do gando, posiblemente, a principal forma de vida e de sustento familiar naqueles tempos de brétema e chuvia, de Neves, e de calores sufocantes á intemperie nas torradas tardes de verán.

Os sesteiros, currals e cortellos

Son cercos de pedra construídos polo xeral no contorno do chozo, nos cales se xuntaba o gando para así o protexer e ficar baixo control do pastor. A diferenza entre estes elementos estriba unicamente na súa localización: os sesteiros estaban situados en cotos e cumios descubertos, sen vexetación, onde recibían as brisas frescas que renovan o aire, e así non estaban tan

acosados polas moscas nas horas de maior insolación dos días de verán.

O foxo do lobo

É unha rústica construción deseñada para capturar o lobo, erguida con valados de pedra nas marxes dunha valgada, para así aproveitar a súa morfoloxía topográfica “en funil”, que conflúen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas organizadas polos veciños da redonda. A maioría dos foxos non foron utilizados probablemente desde hai máis de dous séculos, ficando abandonados e sen coidado, polo que se foron derruíndo na maior parte dos casos. No Suído e no Alto Tea existen localizados 6 foxos de lobo en diferentes estados de conservación, sendo o máis espectacular o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Un costume derivado desta relación home-gando-lobo foi o sistema de quendas denominado “a rolda”, mediante o cal os veciños de cada casa facían quendas de 1-2 días para coidar o gando, habitando os chozos namentres permanecían na serra. A rolda estivo vixente ata mediados do século XX, e aínda nos anos 70 mantívose mediante a contratación de pastores.



O Foxo do lobo de Campo (Covelo)



O Pozo de Piñeiro (Covelo)

O patrimonio cultural vencellado á auga: unha relación home-terra-auga

Ao longo dos séculos o ser humano sempre tratou de “domesticar” a auga canalizando o seu fluír de maneira eficiente para sacarlle o máximo partido. As abondosas precipitacións da comarca posibilitaron a formación dunha rica rede de regos e ríos cuxa auga foi utilizada para o agro como seiva ou, noutros casos, para aproveitar a súa forza como enerxía motriz.

A auga e o agro: pozas e regos

Froito desta relación foron enxeñados distintos métodos de canalización da auga para regar os campos que tamén forman parte do legado material da cultura agrícola tradicional galega: pozas e canles ou levadas. Nos meses estivais pode darse certa seca que cómpre remediar mediante sistemas de depósito comunais – denominados “puzos” na zona - e de distribución da auga aos campos de cultivo.

Un caso salientable é o Puzo de Piñeiro, feito nunha valgada na aba sur da Serra do Suído, que, mediante un muro, represa a auga do río de Piñeiro para encorala e así tela en reserva, e logo distribuíla polas agras da parte baixa da parroquia. Foi construído sobre o anterior Puzo Vello, de menor dimensións, e hoxe en día converteuse nunha zona húmida de certo interese natural, con aspecto de pequeno lago de montaña nun contorno de penedía e mato, e mostras de vexetación fluvial nas beiras. Da importancia da auga comunal para a rega dá conta a lembranza das frecuentes disputas entre lugares polo dereito ao rego, o cal ocasionaba algún que outro litixio veciñal.

A forza da auga: os muíños e o serradoiro

O discorrer da auga maniféstase como un poder de grande potencial enerxético, motivo polo cal se deseñaron e construíron instalacións e artefactos que a conducían e a transformaban en enerxía motriz ou mecánica nos muíños e no serradoiro dos Carranos.

Os muíños foron construídos para transformar os grans de centeo, millo e trigo en fariña, daquela cultivos básicos na agricultura local. Nos numerosos ríos do Suído e do Alto Tea chegaron a traballar probablemente máis de 100 muíños. Foron construídos de xeito estratéxico naqueles enclaves do relevo onde maior partido se podía sacar da auga movida pola forza da gravidade e conducida mediante levadas ata o mesmo pozo do inferno onde xira o rodicio que move a moa. Algúns conxuntos salientables son o de Portafurado (Barcia de Mera), os da Graña e Salcedo (A Graña), o de Carballeira (Prado), e os muíños de Casar do Nabo, en Avión.

O serradoiro dos Carranos funciona basicamente segundo o mesmo esquema, coa diferenza de que a auga do regato dos Vixiáns, afluente do Tea, vai mover unha grande roda, a nora. Está disposta na vertical do fluxo da auga, a cal é conducida por unha levada ata caer sobre as pas da nora, facéndoo xirar e transmitindo desta maneira o movemento ás serras do obradoiro mediante un complexo sistema de rodas e cintas de transmisión. Foi construído en 1922 e dedicábase principalmente á fabricación de táboas para a propia carpintería, que construía carros, apeiros de labranza, estruturas edificativas de casas e obxectos domésticos varios.

Velaí dúas mostras dunha paradigmática utilización racional da forza da auga de forma totalmente integrada no medio, ademais de representaren obras de verdadeira enxeñería hidráulica sen deseño e sen a sinatura de estudados enxeñeiros de obras públicas.



Muíño abandonado, A Graña (Covelo)

Paso a paso pola paisaxe: os vieiros

Sobre as augas: pontes, pontellas e pasos

En consonancia coa densa rede hidrográfica que drena a superficie do Suído e do Alto Tea, desenvolveuse unha serie de infraestruturas para comunicar os lugares en que vivían e traballaban as comunidades locais: as pontes, as pontellas e os pasos son unha mostra desa enxeñería tradicional de camiños a través das augas. Esas pontes comunicaban parroquias e tamén permitían o acceso aos campos de cultivo, aos socalcos nas beiras dun río, aos muíños, etc. Hoxe en día moitas deixaron de ser utilizadas ao desaparecer os usos que as xustificaban, polo abandono dos camiños de conexión ou porque se construíron novas pontes de formigón que as fixeron innecesarias. É o caso dos numerosos pasos de pedra sobre o leito do río Tea, hoxe desaparecidos, ou de pontes nun estado avanzado estado de derrubamento. Algúns exemplos destacables son: a ponte Mosteiro sobre o río Alén en Barcia de Mera; os pasos de Casteláns e os de Lourido no río Tea; a ponte medieval de Fofe; a ponte Nova en Godóns/Prado; a ponte de Liñares no río Xesta; e mais a ponte Casariños, arriba no corazón do Suído.

Os camiños tradicionais

Do mesmo xeito, algúns camiños de importancia histórica como o Camiño da Brea ou a Calzada do Alén discorrían por algunhas destas pontes que salvaban ríos e daban acceso a vieiros máis accesibles.

O **Camiño da Brea** ou Breeiro era unha calzada empedrada que percorría a chaira setentrional da serra e unía as terras de Covelo, desde a reitoral de Barcia de Mera, co mosteiro de Melón. Partindo das Costas do Alén e subindo a aba sur do Suído, discorría a través das parroquias de Barcia de Mera, Piñeiro, Campo A Graña e Prado, en Covelo, antes de baixar cara a Melón. Hoxe en día aínda

existen tramos empedrados nun estado aceptable de conservación, aínda que en risco de desaparición.

O **Camiño dos Arrieiros** era a rota que seguían os arrieiros que transportaban viño desde o Ribeiro ata as comarcas costeiras da Ría de Pontevedra, e que atravesaba parte do Suído; mesmo utilizaban parte do camiño da Brea ao seu paso pola serra. Ao andaren e levaren os carros por estes inhóspitos vieiros trataban de evitar o pagamento “á oficialidade administrativa” de taxas impostas polas mercadorías que transportaban. Os arrieiros do Ribeiro conducían recuas de mulas cargadas de odres co famoso caldo das terras do Avia para vender na costa. Xa de volta da beiramar, podían levar peixe fresco para vender nas terras do interior galego ou mesmo para transportar a Castela, principalmente as sardiñas, que daquela ateigaban as augas das Rías Baixas.

Por outra banda, a **Calzada do Alén** consistía nun camiño empedrado que, partindo da ponte de San Xoán de Mosteiro, discorría pola marxe dereita do río Alén e chegaba ao concello de Fornelos. No seu percorrido atravesa lugares de alto valor ambiental e etnográfico e na actualidade está cuberto de broza e mato, aínda que o estado de conservación da calzada é relativamente aceptable.

Pasos sobre o río Tea en Covelo: arriba en Lourido^{DB}, abaixo en Casteláns^{DB}

An aerial photograph of a rugged, rocky hillside covered in dense forest. The trees display vibrant autumn colors, including shades of orange, yellow, and red, interspersed with green. Large, light-colored rock formations are scattered across the slope. The overall scene depicts a natural, somewhat wild landscape.

4

a paisaxe en transición

O abandono da agrogandería

Se o século XIX foi o “cénit” da vida agrogandeira tradicional na Serra do Suído e no Alto Tea, así como da interacción relativamente harmoniosa entre o home e o medio, o século XX foi un período de cambios. Un século que viu, para a maioría dos habitantes de Covelo, Fornelos de Montes, A Lama, Beariz e Avión, o esmorecemento do seu vínculo coa terra.

A vida tradicional de agricultor ou de gandeira foi extremadamente dura e, para moitos, as posibilidades que trouxo o século XX de emigrar e comezar unha nova vida noutro lugar foron irresistibles. Fora o destino América latina, o centro-norte de Europa, ou as cidades da costa galega, o impacto directo nas aldeas, nas leiras e nos montes do interior foi o mesmo: o abandono. Entre o ano 1970 e o 2000 a poboación de Covelo, por exemplo, pasou de 8.000 a 3.500 habitantes. E entre os que ficaron unha porcentaxe cada vez menor seguía vivindo da terra ao xeito tradicional.

Como consecuencia perdeuse un estilo de vida e unha relación co medio que, durante séculos, non soamente sostiña a xente senón que tamén mantiña a paisaxe. Se os efectos culturais e socioeconómicos do abandono do rural foron decisivos, os que tivo na paisaxe, nos seus hábitats e na súa biodiversidade non foron menos importantes.

Co descenso poboacional veu asociado tamén un descenso da cabana gandeira, e por tanto das prácticas empregadas para manter os seus pastos, como as queimas controladas e as cortas. En termos ecolóxicos, foi como deixar de pisar o freo que durante milleiros de anos impedira a sucesión ecolóxica: comezaba

Fonte Avia (Avión)



novamente a sucesión cara ao bosque.

O mato medraba, dominado cada vez máis por especies leñosas de porte alto, e tamén empezaban a xermolar e medrar as árbores: a pereira brava e o bidueiro na serra, e o carballo nas leiras. Ao medrar e pecharse o mato, cambiaba tanto a súa composición de especies vexetais como a fauna asociada. Podemos sinalar lugares como Pigarzos ou A Hedreira onde hai tan só 50 anos había campos de cultivo, mais onde hoxe en día atopamos unha nova pero ecoloxicamente valiosa carballeira.

Como consecuencia, as especies que precisan de espazos abertos e monte baixo, viron reducida a superficie do seu hábitat de forma drástica. Foi o caso, entre outros, dos réptiles que precisan lugares soleados; das aves, como a case desaparecida perdiz, que aniñan no chan; dos mamíferos como o coello e a lebre que necesitan as plantas tenras do pasto para comer; e das rapaces que precisan boa visibilidade dende o aire ata o nivel do chan para poder localizar a súa presa. Por outra banda, o acubillo que ofrece o mato máis alto e pechado beneficia as especies máis ligadas ao bosque; o incremento nas poboacións do porco bravo e do corzo son testemuño disto.

Así e todo, a situación é algo máis complexa que un simple retorno do bosque. O incremento en biomasa de mato tamén significa un incremento en combustible, e o mato abandonado faise extremadamente vulnerable ao lume. Aínda que arde con menos frecuencia que antano, cando o lume era provocado polos gandeiros, agora cando se produce un incendio é máis potente, alcanza maior temperatura e arrasa maior superficie.

En vez de pasar lixeiramente pola vexetación, provocando a rexeneración, os lumes de alta temperatura chegan a destruír as raíces, o banco de sementes e a vida microbial no solo. Fomentan a rexeneración só das especies mellor adaptadas ao lume, dando lugar a toxeiras pouco diversas, moitas veces acompañadas nas terras baixas por eucaliptos. A destrución da vexetación e da materia orgánica no solo tras o lume forte convérteo en pouco máis que un areal, con pouca capacidade de retención de auga e por tanto moi vulnerable á erosión cando caen as primeiras choivas fortes.

Por tanto, ademais de ter zonas de bosque en rexeneración, podemos identificar as matogueiras atrapadas nun ciclo de degradación. Nas zonas altas e de máis pendente, de por si con solo de escaso espesor, os sucesivos lumes causan a perda do banco de sementes, da materia orgánica e, consecuentemente, do propio solo. Nestas toxeiras máis degradadas as posibilidades da rexeneración ecolóxica vense seriamente diminuídas.

Chan de Bidueiros (Covelo). Ao se reducir a intensidade da actividade gandeira, o bosque avanza de novo.



As plantacións forestais

Durante a etapa dos cambios socioeconómicos da segunda parte do século pasado, apareceu unha alternativa á agrogandería tradicional que nun principio pareceu idóneo. A industria forestal baseada en especies de rápido medre como o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) e o piñeiro (*Pinus pinaster* e *P. radiata*), comezou en serio nas Rías Baixas nos anos 50.

No Val do Tea e nas ladeiras baixas do Suído, a produción de madeira parecía representar para as comunidades de montes e propietarios particulares unha maneira fácil de rendibilizar o monte sen o traballo intensivo que o agro e a gandería esixían, e aínda máis se a súa xestión podía ser exercida en réxime de concesión pola Administración ou polas empresas madeireiras.

A realidade, porén, foi algo menos idónea. Mentres hoxe en día a industria forestal é un alicerce importante da economía galega, en algunhas das zonas marxinais onde se fixeron plantacións de eucalipto e piñeiro a rendibilidade resulta dubidosa, e ecoloxicamente representan unha pobre substitución do bosque autóctono.

Son especies alóctonas, e a diversidade de especies capaces de atopar o seu nicho nelas (na súa codia, nas follas, na súa madeira morta, etc.) é moi reducida, sobre todo no caso do eucalipto. De feito, gran parte do valor ecolóxico dos piñeirais e dos eucaliptais vén dado polo sotobosque que poden

manter. Durante os primeiros ciclos de produción de madeira, a tendencia é á rexeneración das especies arbóreas e arbustivas autóctonas debaixo das árbores plantadas, e este denso mato ofrece importante refuxio para un amplo rango de fauna, dende pequenos invertebrados ata grandes mamíferos como o corzo e o lobo.

Neste punto atopamos un dos principais conflitos entre a xestión forestal e a conservación ecolóxica dun bosque. Se consideramos que nunha plantación forestal o obxectivo principal é a produción de madeira, pódese dicir que o mato que nace debaixo das árbores é pouco máis que un problema a eliminar. As plantacións “mellor coidadas” (limpas, podadas, sen madeira morta de pé e no chan, con uniformidade de idades entre as árbores), representan algúns dos hábitats con menos biodiversidade dos existentes no Suído e no Alto Tea.

A biodiversidade comeza a aumentar cando fuximos dese modelo: deixando algúns pés a madurar e morrer no lugar; creando ecotonos nos límites das plantacións e arredor das pistas; diminuindo as densidades de plantación; mantendo proporcións axeitadas de madeira morta e de especies autóctonas; respectando a vexetación de ribeira, entre outras cousas. Son as mellores prácticas da xestión forestal sostible, das que en Galicia aínda temos moito que aprender.

Así e todo, o problema máis serio dos nosos eucaliptais non é a sobrexestión e o exceso de limpeza, senón a falla de mantemento e o abandono. Aínda que é certo que o sotobosque impenetrable asociado coas plantacións abandonadas ofrece certo valor como refuxio para fauna, o abandono enfróntanos con outro dos grandes problemas das especies de plantación, sobre todo do eucalipto: a súa relación co lume e a súa capacidade de invadir.

Os eucaliptais, igual que os piñeirais, arden facilmente. O alto contido de aceite na madeira e nas follas, a acumulación de follaxe no solo que tarda anos en converterse en humus, e a natureza seca do sotobosque, combínanse para convertelos no tipo de monte máis vulnerable aos incendios. E se están en estado de abandono, aínda máis.

Por outra banda, a facilidade de rexeneración e o rápido crecemento do eucalipto proporcionalle unha gran capacidade para invadir terreos abandonados. Este é o caso sobre todo despois dun incendio, cando adoita provocar unha xermolación masiva de sementes nos terreos próximos a un eucaliptal. De feito, a distribución do eucalipto en Galicia está ligada á historia dos lumes forestais, pois, á parte das plantacións, son moitos os eucaliptais que nunca foron plantados.

A economía da enerxía

Máis recente aínda que a industria forestal, a actividade económica máis visible no Suído hoxe en día é a produción de enerxía. No contexto da mudanza climática, a xustificación ou non da recente expansión masiva de parques eólicos e de centrais hidroeléctricas en Galicia é un tema complexo e polémico. O que non está en dúbida é o seu impacto local, tanto na paisaxe como nos ecosistemas da serra e dos ríos.

A produción hidroeléctrica

No caso das minicentrais hidroeléctricas, o impacto principal débese ás presas e encoros, que rompen a continuidade do río tanto para o fluxo de auga e de nutrientes como para a súa fauna. Ese efecto barreira é máis notable sobre as especies migratorias: o número de exemplares de salmón atlántico (*Salmo salar*), por exemplo, que remontan os ríos de Galicia para desovar, reduciuse en máis do 95% nas últimas décadas. As minicentrais nos tramos medios e baixos do Avia, Verdugo e Oitavén fan que os seus tramos altos na Serra do Suído, aptos de seu para o desove e a cría desta especie, xa non sexan accesibles.

O río Tea, con todo, é unha excepción, e isto constitúe unha das súas principais fortalezas no contexto dos ríos galegos. O salmón pode subir río arriba ata

a zona de Casteláns (Covelo), atopando varias zonas de desove no camiño, namentres que outras especies migratorias como o reo (*Salmo trutta trutta*), a lamprea (*Petromyzon marinus*) e a anguía (*Anguilla anguilla*) tamén se benefician da súa accesibilidade.

De esquerda a dereita:

(1) O salmón atlántico, xa incapaz de subir ao Verdugo-Oitavén e ao Avia debido ás presas. (2) A construción dun paso para peixes ao lado da presa ás veces permite o seu movemento. (3) Aguia albela, case partida en dous polas aspas dun aerogenerador



Os parques eólicos

O cambio máis dramático executado na paisaxe do Suído e do Alto Tea na última década é indubidablemente a instalación de catro parques eólicos. Son poucos os estudos feitos sobre os seus impactos na fráxil ecoloxía da serra, pero o dano principal é probablemente o máis sinxelo: a destrución de centos de hectáreas de hábitats na parte máis alta da serra, incluíndo a perda de turbeiras, charcas e outros humidaes, rochedos e matogueiras, e mais a interrupción da hidroloxía nas cabeceiras de moitos ríos. Moitos destes hábitats nunca foron catalogados, e o certo é que nunca se saberá o verdadeiro valor do que xa perdemos para sempre.

Ademáis da perda directa ou indirecta de hábitats, outros efectos son menos coñecidos e máis difícil de cuantificar. A carencia de estudos axeitados de seguimento das poboacións de aves na serra, por exemplo, fai que non se coñeza o número de aves que atopan o mesmo destino que a aguia albela (*Circus gallicus*) da foto.



5

o futuro...

Por que conservar?

Pasar unhas horas á noite na serra implica decatarse nas áreas iluminadas de xeito artificial das terras baixas, o alto grao de humanización das zonas limítrofes e da magnitude das ameazas que na actualidade se cernen sobre o noso medio natural. Por moito que algúns de nós esteamos convencidos de que a diversidade biolóxica e o patrimonio cultural das nosas terras altas teñen un valor intrínseco, o certo é que a súa conservación vai depender da importancia e do valor que lles dea o conxunto da sociedade. O noso reto, polo tanto, é difundir e explicar os valores “tanxibles” e interconectados que as nosas serras atesouran:

A auga de Vigo. Asegurar o subministro dunha auga de calidade á Área Metropolitana de Vigo, e á Comarca do Ribeiro, debe ser o eixo central que asegure a conservación dos ecosistemas da serra. Os traballos de reforestación, restauración de turbeiras e pasteiros, e xestión do mato conducentes a aumentar a retención e solta paulatina da auga, deberían ser planificados e acometidos de forma conxunta coa finalidade prioritaria da conservación da auga para o abastecemento da poboación.

Lugar de lecer e de educación ambiental. As nosas terras están chamadas a se converter no monte periurbano dunha cidade lineal que se estenderá dende Tui ata Soutomaior e dende a costa atlántica ata a provincia de Ourense. Conxugar as necesidades de ocio na natureza coas actividades de sensibilización e coñecemento do medio natural, para unha poboación de centos de milleiros de persoas, debería supoñer unha das opcións de desenvolvemento máis claras nun sector en continuo crecemento como é o turístico.

Unha rede coherente de Espazos Naturais Protexidos para o suroeste de Pontevedra. Nunha zona intensamente humanizada como é o suroeste da provincia de Pontevedra, a conservación dos valores naturais e culturais depende da protección legal dos espazos naturais máis importantes, e da unión destes espazos nunha rede coherente e estratéxica. Esta rede debería artellarse sobre a unión dos valores naturais da Serra do Suído e do Alto Tea, cos outros baluartes da conservación do medio natural nesta zona de Galicia que son o Baixo Miño, a Enseada de San Simón e o Parque Nacional das Illas Atlánticas. A conexión pasa irremediabilmente pola conservación e protección dos ríos Tea, Verdugo e Oitavén, como nexos de unión entre estas zonas protexidas representativas dos ecosistemas naturais da provincia, dende os cantís costeiros da beiramar ata as penedías dos cumios das nosas montañas.

O medio, a xente, a economía: o desenvolvemento sostible integral

Os valores naturais do Suído e do Alto Tea están sufrindo polo impacto humano, pero paradoxalmente o catalizador desta degradación non foi o exceso da actividade humana, senón o abandono. Actividades que durante milleiros de anos mantiveron a paisaxe foron substituídas por outras, doutra escala e doutra natureza. Ese abandono creou a situación que atopamos hoxe: o medio cada vez máis degradado, actividades económicas que non consiguen manter vivas as aldeas e vilas da zona, e unha desvinculación entre a xente e o medio.

A realidade económica e social fai que o desenvolvemento sostible sexa máis complexo que unha mera protección administrativa dos ríos e serras. Frear a degradación e manter vivo o medio rural implica a reversión do proceso do século XX: a restauración do vínculo entre a xente e o medio, e o investimento en comunidades para que vivir e coidar do medio sexa unha opción de vida viable e de calidade, aínda no século XXI.

Sen pretendernos ofrecer un manifesto detallado para a Serra do Suído e o Alto Tea, identificamos tres pautas que calquera política de desenvolvemento sostible da zona debería contemplar:

Produción primaria de calidade

A recuperación da produción primaria como alicerce da economía rural é o reto para todo o interior de Galicia. No caso concreto da Serra do Suído, precísanse iniciativas de posta en valor dunha produción gandeira extensiva implicada na conservación do medio natural. A profesionalización do sector gandeiro extensivo debería ir acompañada da recuperación das razas de gando autóctonas, dos métodos de manexo tradicionais e da posta en cultivo das terras de fondo de val como factores de produción diferenciais. Outros usos multifuncionais do monte como a produción de madeira de calidade, leñas e biomasa, cantería tradicional, fungos, mel, ou a caza, deberían basearse na elaboración de produtos locais diferenciados e de alto valor engadido. A dureza do medio físico, o réxime de propiedade da terra e a escaseza de man de obra especializada representan serios atrancos á hora de formular opcións de desenvolvemento agrario máis produtivistas.

Compatibilización dos proxectos industriais coa conservación do medio natural

Os procedementos de avaliación ambiental estratéxica deberían presidir o proceso de toma de decisións á hora de planificar e orientar a implantación de novas infraestruturas industriais (parques eólicos, canteiras, etc.). A súa localización debería restrinxirse aos ámbitos territoriais máis degradados dende o punto de vista ambiental (infraestruturas de comunicación, ou superficies de monte sen elementos naturais ou culturais de maior interese), repotenciando así as infraestruturas industriais xa existentes, e revisando a situación legal das explotacións en funcionamento no caso das canteiras. Pero sobre todo, unha nova planificación destes sectores debería elaborarse de forma conxunta, respectando os contornos naturais caracterizados por acoller especies, hábitats e elementos etnográficos merecedores de protección, e eliminando as sinerxías dun goteo continuado de proxectos individuais.

A dinamización e implicación social

Se a paisaxe actual do Suído e do Alto Tea é un resultado da relación home-medio durante miles de anos, o futuro tamén vai selo. Os veciños e propietarios das parroquias e concellos enclavados nas serras non son observadores pasivos, son protagonistas. Calquera esforzo en planificación do medio debe ser xeneroso á hora de ofertar alternativas de desenvolvemento socioeconómico que sexan viables para eles, pero a súa participación ten que ir máis alá que ser simples espectadores. Coa finalidade de que se sinta identificada cos obxectivos que se pretenda acadar, esta poboación debe converterse no principal actor da execución das accións e debe ter unha participación activa tanto no proceso de toma de decisión como na planificación do modelo de xestión que se vaia aplicar nas súas terras e montes.



© Concello de Covelo, 2009

Fotografía:

Todas as imaxes son fotografías orixinais e propiedade de Daniel Cara Gil, coa excepción das indicadas como obras e propiedade dos seguintes autores:

DB - David Brown; AGO - Angel González Outerelo; SL - Scottmliddell*; RV - Ravivaidya*

* As imaxes de SL e RV están publicadas baixo a licencia Creative Commons Attribution 2.5

Imaxe da páxina 11: autor descoñecido



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de
Conservación da Natureza



Covelo
Axeira Local
de Sostibilidade

